

Falamus!

Voceiro do Equipo de Dinamización da lingua galega do
Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol

nº 13
Xuño 2022



O GALEGO É MÚSICA

Sumario

4

Grazas!

6

O Xan Viaño no
Plan Proxecta +

8

O galego é
música

8 As aulas do conser teñen nomes
de galegos e galegas!

10 Abraham Cupeiro no Xan Viaño

12 Musicando poemas galegos

13 Simón García no Xan Viaño

15 A guitarra na Galiza

17 Sofía Oriana Infante no Xan Viaño

19

Cantarte hei,
Galicia

20

Música mestra!

20 As mulleres pisan forte! Música Mestra! 25 N

22 A nova árbore de Música Mestra!

24 Quenes foron Laura Peperara, Anna Guarini, Livia
D'Arco e Tarquinia Molza?

25 Recitais do 8M, Música Mestra!

27 Javier Vázquez Grela en Música Mestra!

28 Conferencia de Ermitas García Ríos: Historia das
mulleres compositoras

30 A Orquestra do Xan Viaño con Música Mestra!

32 As compositoras cubanas con Jorge Genó

34

Concerto de Nadal
2021 dedicado aos nosos
queridos maiores

36

XI Música
pola paz

38

A biblioteca



41

“Concerto
de para alumnado”

42


O CMUS Xan Viaño no
25 Aniversario da
Biblioteca do Patín



*O mestre di que
o Galego e Música

44

Curso de óboe con
Iria Folgado



46

XIV Concurso de
piano da SAF

Grazas!

Coma todos os anos, chega a fin de curso e toca reflectir na nosa querida revista Falamus, unha parte do acontecido durante o curso. Sempre resulta bastante laborioso recompilar as actividades realizadas, pero este ano se cabe aínda o foi máis, dada a cantidade de iniciativas levadas a cabo polo EDLG e o resto de equipos do centro.

Este curso estivo marcado pola nosa participación no Plan Proxecta +, con dous proxectos que levamos adiante con moita ilusión durante todo o curso, coa axuda de toda a comunidade educativa e que temos que valorar moi positivamente.

Despois de dous anos moi duros por culpa da pandemia, este ano vivimos un pequeno rexurdimento na vida do conser, ao recuperar as ansiadas audicións, concertos, cursos... tan necesarios para todos.

Ao principio de curso o EDLG deseñou unhas enquisas para o profesorado e alumnado, co fin de coñecer de primeira man a realidade que vive o galego na nosa comunidade, e os resultados foron moi desalentadores. O galego está nunha situación moi delicada no centro, sendo o castelán a lingua claramente predominante, polo que continuaremos traballando na busca de iniciativas que axuden a que o noso alumnado e profesorado se reencontre coa lingua galega.

Dende o EDLG, queremos dar as grazas ao Equipo de Biblioteca, ao Equipo de Convivencia e tamén a Suso Iglesias, coordinador Tic, por colaborar sempre con nós nas nosas iniciativas. Resulta moi importante sentir o apoio dos compañeiros e compañeiras, o que nos dá folgos para continuar programando e ideando actividades.

Grazas ao Equipo Directivo e a todo o profesorado que se enrolou no noso proxecto, e grazas tamén ao noso querido alumnado, por participar con nós nas nosas

propostas pensadas sempre para eles e elas.

Grazas a todas e todos os colaboradores que se achegaron este curso ao Xan Viaño, para compartir os seus coñecementos e a súa música con nós. Despois de dous anos tras a pandemia, estas conferencias e concertos encheron novamente de vida musical o conservatorio.

Como coordinadora, soamente me queda dar as grazas ao meu equipo de batalla por tanto traballo realizado e compartido este curso: Alexandra e Catuxa Pita, Javier Alama e a última fichaxe Pedro Álvarez. Grazas a Alexandra pola súa labor incansable e por esa fonte continua de boas ideas, sen dúbida o motor do equipo. Grazas a Catuxa, pola súa temperanza e pola súa especial colaboración no deseño de carteis e programas e na realización de vídeos. Grazas a Javi, polos seus coñecementos tecnolóxicos e manexo nas redes sociais e plataformas dixitais. Grazas tamén a Pedro, por engancharse ao equipo e facernos de conexión coa música tradicional galega. Como vedes, o equipo perfecto! Grazas por este ano de traballo intenso, nun ambiente de convivencia inmejorable.

Seguiremos traballando pola defensa da nosa lingua, promovendo a importancia da nosa cultura e a nosa música, e reivindicando o lugar que merecen os nosos compositores e compositoras. Esperamos aportar o noso gran de area, para construír entre todos unha imaxe positiva do galego, unha lingua viva, asociada á modernidade. Seguiremos tamén visibilizando e promovendo a música galega como riqueza cultural e artística propia, que debe ser recoñecida e valorada dentro do panorama musical actual.

Hoxe máis que nunca e por sempre, O galego é música no Xan Viaño!

*Alma Cendán
González.
Coordinadora do EDLG*



Falamus!: Avda do Mar 4-6, Esquina con Telleiras , Caranza-FERROL.

Teléfono: 981 333 317- 618 619 001

Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmusxanviano>

Mail: cmus.xanviano@edu.xunta.es

Edita: CMUS Xan Viaño de Ferrol

Maquetación: Iosu Vaquero Carneiro (alumno Ciclo superior de Deseño e Edición de Publicacions Impresas e Multimedia do CIFP Leixa)

Agradecementos: Graciñas a todos os que de un xeito ou outro fixestes posible a edición desta revista.

Moitísimas gracias ao Ciclo superior de Deseño e Edición de Publicacions Impresas e Multimedia do CIFP Leixa, en concreto a María Salas, por colaborar na realización desta edición de Falamus.

Falamus non se fai responsábel das opinións dos colaboradores.

O Xan Viaño no Plan Proxecta +



proxecta+

Este curso o CMUS Xan Viaño participou no Plan Proxecta + con dous proxectos: Música Mestra! e O galego é música!

O Plan Proxecta + é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial, pero que ademais estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

Como recolle a Consellería na súa convocatoria, trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa e favorecer a innovación nos propios centros a través de programas externos que

leven á motivación e ao traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado.

O noso proxecto O galego é música, pertence á categoría de Proxecto de innovación educativa en Dinamización lingüística dentro deste Plan Proxecta +. Dende o EDLG sentímonos moi orgullosos da nosa participación no plan, pois é a primeira vez que o CMUS Xan Viaño se presenta a estes proxectos.

O galego é música, é un proxecto que busca a promoción da nosa cultura e da nosa lingua a través da visibilización dos intérpretes e compositoras e compositores galegos. Nos nosos auditorios e conservatorios, apenas se programan obras creadas por compositoras e compositores nados en Galicia, polo que é preciso sacar á luz todo este valioso patrimonio cultural oculto, e instauralo nas nosas ensinanzas de música. É neces-



*O mestre di que o Galego é Música

rio manter viva a memoria e a obra dos compositores históricos galegos, así como proxectar ás novas figuras do panorama musical, que forman parte da bagaxe artística e cultural galega, e que lamentablemente moitas veces son descoñecidas e incluso esquecidas.

A través de moitas iniciativas que deseñamos e que realizamos ao longo do curso, aproximámonos a estas figuras galegas e puxemos en valor a súa obra, achegando as súas creacións ao noso alumnado - os futuros músicos e músicas galegas - á nosa comunidade educativa e a toda a sociedade.

O outro proxecto seleccionado foi Música Mestra! dentro do programa Donas de si, impulsado polo Equipo de dinamización da convivencia, no que se busca dar a coñecer o papel da muller na historia da música.

As diferencias entre homes e mulleres no mundo da música clásica e do arte en xeral ao longo da historia son abismais, sendo moitas mulleres inxustamente descoñecidas e esquecidas.

A través de concertos, conferencias e demais actividades do proxecto Música Mestra! aproximámonos á música e figura destas mulleres que forman parte da nosa historia, co fin de cambiar os paradigmas marcados pola desigualdade e os estereotipos de xénero, que lamentablemente aínda prevalecen en moitos ámbitos da música e da sociedade actual.

EDLG

O galego é música

As aulas do conser teñen nomes de galegos e galegas!

Unha das iniciativas máis importantes do proxecto O galego é música, foi a de designar as aulas do conservatorio con nomes de intérpretes e compositoras e compositores galegos de prestixio recoñecido, co obxectivo de darlle visibilidade á súa figura e obra.

Este proxecto do EDLG, comezou a tomar forma xa o pasado curso 2020-21, onde tras realizar unha recompilación de figuras importantes galegas no mundo musical e tras recoller e estudar as achegas presentadas polo profesorado, o Consello Escolar aprobou a iniciativa e o correspondente nomeamento de cada aula.



Hoxe todas esas aulas, xa teñen o seu novo nome na porta, figuras sobre as que iremos traballando de aquí en diante para darlle visibilidade a súa obra e traxectoria. Ademais cada aula contará cun código QR, que enlazará directamente coa información publicada no blog.

Contamos con algúns traballos xa publicados no noso blog Amodiño ma non troppo, que podedes ver nas seguintes ligazóns:

<https://xanvianolinguagalega.blogspot.com/2021/11/aula-37-aula-marcial-del-adalid.html>

<https://youtu.be/GLd2gorlhxQ>
<https://xanvianolinguagalega.blogspot.com/2022/04/aula-1-afonso-x-o-sabio.html>
<https://youtu.be/W7yS2g6yNHA>
<https://youtu.be/bZLqo8CvihM>

Con esta iniciativa reivindicamos como parte da nosa cultura, a obra destas figuras galegas, co dezo de que a súa obra e a súa música sexa recoñecida e forme parte do repertorio habitual das salas de concerto.

EDLG



Abraham Cupeiro no Xan Viaño



Marabilloso o espectáculo que vivimos o 16 de decembro con Abraham Cupeiro e o seu Resoando no Pasado. Moitos de nós, despois de moito tempo por culpa da pandemia, sentíamos de novo a satisfacción e a ilusión dun concerto tan especial no noso auditorio.

Abraham Cupeiro, músico galego, constructor e multiinstrumentista, é especialista na recuperación de instrumentos perdidos no tempo, e achegouse ata o Xan Viaño para compartir os seus coñecementos con nós.

Co aforo completo, nenos e maiores desfrutamos dunha viaxe trepidante por todo o mundo e por toda a nosa historia. Pedagóxico, divertido, e moi emocionante, Abraham fixo que o tempo pasase moi axiña e que puidésemos experimentar e revivir intensamente a música dos nosos antepasados.


Estamos inmensamente agradecidos a Abraham, Coordinador do EDLG do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes de Lugo, pola súa xenerosidade ao compartir desinteresadamente todo o seu talento e seu gran traballo coa comunidade educativa do Xan Viaño.

Dende o noso EDLG esperamos que esta colaboración co EDLG do CMUS Xoán Montes de Lugo, sexa a primeira de moitas iniciativas conxuntas a prol da nosa cultura e a nosa lingua.

EDLG



Musicando poemas galegos



Tras o éxito da iniciativa do ano pasado Musicando a Carvalho Calero dirixida ao alumnado de piano complementario, continuamos este ano con Musicando poemas galegos, onde abrimos a posibilidade de musicar un poema galego a todo aquel que desexara participar.

En xaneiro publicamos no noso blog de lingua a poesía dun grande da literatura galega: Celso Emilio Ferreiro, no que participaron Samuel Rodríguez Gago, Lis Rodríguez Varela e Blanca Fernández Naveiras, todos baixo a dirección da súa profesora de piano, Judith Fernández Casero. Na seguinte ligazón podedes acceder aos vídeos:

<https://xanvianolinguagalega.blogspot.com/2022/01/o-galego-e-musica-musicando-poemas.html>


No mes de abril publicamos unha nova entrega de poemas, esta vez cos traballos de Jorge Orosa López, Andrés Rodríguez Boutureira e Aitana e Irene López Caaveiro. Nesta ocasión puidemos gozar da poesía de Federico García Lorca, Rosalía de Castro e Manuel María, xunto cos acompañamentos realizados na materia de Piano Complementario, baixo a coordinación da súa profesora Alexandra Pita Evia. No seguinte enlace do blog do EDLG Amodiño ma non troppo, podedes ver os vídeos:

<https://xanvianolinguagalega.blogspot.com/2022/04/mais-musicando-poemas-galegos.html>

Parabéns aos intérpretes polo gran traballo realizado e tamén ás súas profesoras por animalos a participar nesta iniciativa de O galego é música do Plan Proxecta+.

EDLG

Simón García no Xan Viaño



O venres 21 de xaneiro tivemos unha xornada moi especial no noso auditorio. Simón García, contrabaxista internacional que dende este ano dá nome á nosa aula de contrabaixo, visitounos para ser entrevistado polos alumnos e alumnas de contrabaixo.

Queremos amosar o noso agradecemento a Simón por ofrecernos esta gran oportunidade de coñecer máis sobre a súa traxectoria profesional e sobre o contrabaixo, e como non, grazas tamén aos nosos contrabaxistas polas súas preguntas!

O noso responsable TIC Suso Iglesias gravou a entrevista íntegra para que todos a poidamos desfrutar, que podedes ver na seguinte ligazón:

<https://youtu.be/Tw0mYe7XGxU>

Grazas tamén a Ximo, profesor de contrabaixo do conservatorio, por propoñer a Simón García como músico compositor que nomea a nosa aula 35 de contrabaixo, dentro do noso proxecto O galego é música.

EDLG





A guitarra na Galiza

O venres 28 de xaneiro tivemos a oportunidade de contar no Xan Viaño con Isabel Rei Samartim e o seu traballo *A guitarra na Galiza*, un interesantísimo estudo histórico sobre este instrumento na nosa terra.

Nunha primeira presentación baseada na súa Tese de doutoramento *A guitarra na Galiza*, Isabel presentou as súas investigacións coas que demostrou que a guitarra é un instrumento galego dende sempre. Isabel tamén nos achegou a guitarristas históricos do Ferrol e arredores, terra de gran tradición vinculada a este instrumento, como Juan Parga de Ferrol, un gran virtuoso da guitarra.

Na segunda parte, puidemos escoitar tamén a Isabel interpretando na guitarra fermosos temas de compositores galegos que escribiron para este instrumento.

Moitísimas grazas a Isabel por compartir coa comunidade educativa do Xan Viaño, toda esta riqueza enorme de coñecementos sobre a guitarra na Galiza.

EDLG





Sofía Oriana Infante no Xan Viaño



O xoves 13 de xaneiro tivemos a sorte de desfrutar da charla de Sofía Oriana Infante, compositora, profesora e antiga alumna do Xan Viaño.

Sofía comezou os seus estudos musicais no Xan Viaño a idade de 8 anos na especialidade de percusión. Tras rematar o grao profesional, marchou a Oviedo onde realizou estudos superiores de composición e Maxisterio Musical, e logo a Londres para seguir completando a súa formación.

Sofía compartiu co público asistente, os diversos estilos que conforman a súa faceta compositora, na que a música do cine ten un lugar moi especial. Entre outras composicións, puidemos escoitar a súa música creada para a famosa película Elisa y Marcela, para a curta

Souvenir e ata tivemos a sorte de escoitar a fermosa voz da cantante Irene Caruncho, nunha canción composta con Sofía.

Sofía compartiu co público interesantes consellos e recomendacións que ela mesma viviu e tivo que poñer en práctica con valentía, para conseguir o seu soño de ser compositora.

Unha sorte contar no Xan Viaño con esta gran compositora galega, cunha obra increíble e cunha recoñecida traxectoria que non acaba máis que comezar.

Grazas a Sofía por compartir con todos nós as súas vivencias e a súa marabillosa música.

EDLG



Cantarte hei, Galicia

O Xan Viaño uniuse un ano máis a homenaxe que toda Galicia lle rende o 22 de febreiro á nosa querida Rosalía de Castro.

Nesta ocasión foron os alumnos de 6º GP que rematan estudos no noso conservatorio, os encargados de homenaxear a nosa poetisa a través dun vídeo que podedes ver na seguinte ligazón:

<https://xanvianolinguagalega.blogspot.com/2022/02/dia-de-rosalia-2022.html>

Resulta moi emocionante escoitar os versos de Cantarte hei, Galicia, un dos poemas iniciais de Cantares Gallegos, nas voces dos nosos queridos alumnos e alumnas de 6º GP, rapaces e rapazas que vimos medrar como persoas e coma músicos no Xan Viaño.

Como música de fondo no vídeo, escoitamos a marabillosa música do compositor galego Andrés Gaos, concretamente a Sinfonía nº 2 Nas montañas de Galicia.

Moitísimas grazas ao alumnado participante, por colaborar con nós nesta iniciativa. A pesar de estar desbordados polos estudos, fixeron



un oco para gravar os fermosos versos deste poema para esta ocasión tan especial. Son todo un exemplo de esforzo e responsabilidade, sen dúbida o orgullo do Xan Viaño.

EDLG

Música mestra!

As mulleres pisan forte! Música Mestra! 25 N



A música é unha linguaxe universal que non entende de desigualdade.

25 N - Música Mestra!

O 25N quixemos conmemorar o Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller recordando a todas as mulleres que ao longo da historia loitaron pola liberdade e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Quixemos tamén recoñecer e reivindicar o papel da muller na historia da música, onde as compositoras e músicas tiverono especialmente difícil á hora de poder desenvolver plenamente todo o seu talento artístico.

A semana do 25N, puidemos contemplar na cristaleira do conservatorio, o piano de Música Mestra! realizado polo Equipo de Convivencia, unha humilde homenaxe a todas estas mulleres compositoras.

Tamén a través do vídeo Música Mestra! 25N, quixemos presentar ás nosas Pioneiras do Xan Viaño 21/22,

alumnas que escolleron a especialidade instrumental que elas quixeron, sen ter en conta os prexuízos que lamentablemente aínda prevalecen en moitos ámbitos da música e da nosa sociedade actual. No seguinte enlace podeades ver o vídeo ao completo:

<https://youtu.be/HZF99B8YgDI>

Estas alumnas - Mariña, Eva, Irene, Carmen e Candela - son un exemplo máis, de que a música é unha linguaxe universal que non entende de desigualdade.

As mulleres pisan forte! Música Mestra!

Equipo de convivencia



A nova árbore de Música Mestra!

A árbore que preside as escaleiras do noso conservatorio dende fai xa moitos anos, volveuse inclusiva e sensible coa igualdade de xénero entre homes e mulleres, incluíndo agora tamén o nome de mulleres compositoras.

Como iniciativa de Música Mestra! encabezada pola profesora de violín María José Pámpano, realizouse unha intervención artística, engadindo os nomes de mulleres compositoras que tamén merecen ser visibles polo seu papel na historia da música. Anteriormente a árbore estaba formada unicamente por nomes de homes, polo que era preciso romper con estereotipos e realizar esta creación artística como análise, concienciación e visibilización do papel da muller na música.


A través dun traballo colaborativo entre alumnado e profesorado, fomos completando a árbore ata quedar así de fermosa e renovada.

Moitas grazas a María José Pámpano, por realizar a selección de mulleres compositoras e liderar a iniciativa. Grazas á profe de canto Carolina Pérez, por atreverse a subir ata o máis alto para completar a nosa fermosa árbore de Música Mestra!

A partir de agora, cada vez que subamos polas escaleiras do conser, lembraremos que no Xan Viaño e na música, non hai barreiras de xénero.

Equipo Convivencia







Quenes foron Laura Peperara, Anna Guarini, Livia D'Arco e Tarquinia Molza?

Psss. Escoita ben pero non llo contes a ninguén. Esta noite hai concerto na casa da miña ama. Failles chegar o convite aos teus señores e gárdate ben de manter o segredo.

Podemos imaxinar que dun xeito similar chegaban ás casas máis nobres de Ferrara as invitacións que daban acceso aos exclusivos concertos organizados polos duques Alfonso II e Marguerita Gonzaga. Concertos profesionais interpretados por mulleres cantantes e instrumentistas, algo insólito ata o momento que escapaba dos estándares sociais pautados; música secreta da que só uns poucos privilexiados podían disfrutar na Italia de mediados do século XVI.

Laura Peperara, Anna Guarini, Livia D'Arco e Tarquinia Molza foron algunhas das integrantes do Concerto delle Donne, o primeiro grupo profesional de mulleres intérpretes de Europa. Nomes e apelidos das protagonistas que no seu día viraron o rumbo da música occidental e o papel das mulleres na música.

O excelente dominio técnico deste ensemble influíu na evolución de formas musicais coma o madrigal, e inspirou a célebres compositores coma Giaches de Wert, Luzzasco Luzzaschi ou Luca Marenzio. A incorporación de voces femininas nas súas obras, e nas de tantos outros posteriormente, supuxo un dos acontecementos

máis revolucionarios na historia da música, escrita ata ese entón para ser interpretada únicamente por voces masculinas.

O virtuosismo que desbordaban as interpretacións destas mulleres foi tal que, a pesar do esforzos por manter semellante segredo a salvo, a súa fama espallouse rapidamente polo resto de cortes italianas e europeas.

Grazas a Marguerita Gonzaga, Laura Peperara, Anna Guarini, Livia D'Arco ou Tarquinia Molza, novas fendas se abriron nas sendas marcadas para as mulleres do Renacemento. Repitamos os seus nomes para que o paso do tempo non borre a pegada destas ilustres donne, pioneiras na profesionalización da muller na historia da música, ás que tanto hoxe lles debemos.


Se queres saber máis:

Cypess, Rebecca. "concerto delle donne". Encyclopedia Britannica, 13 Dec. 2018, <https://www.britannica.com/art/concerto-delle-donne>. Accessed 29 April 2022.

Francisco, P.: The Virtuosi of Ferrara: The Concerto delle Donne 1580-1601 (Tesis de Máster, University of Southern California)

María José Pámpano

Recitais do 8M, Música Mestra!



O pasado mércores día 9 de marzo, tiveron lugar os concertos polo Día da Muller, na que participou alumnado e profesorado do centro.

O primeiro recital comezou ás 17:00 h coa actuación de dúas profesoras do conservatorio, Inés Picado - profesora de viola - e Paloma Bello - profesora de piano - que nos interpretaron unha fermosa romanza da compositora Clara Schumann. A continuación foi a quenda do alumnado das especialidades de piano e violín, que nos interpretou música de compositoras de diferentes épocas, como Fanny Mendelssohn, Marie Jaëll, Natalia Baklanova e Maria Theresia von Paradis entre outras.



O segundo recital das 18:00 h, estivo protagonizado tamén por alumnado de piano e violín, no que se interpretou música de compositoras moi queridas para o Xan Viaño. Tivemos a sorte de poder escoitar a peza Polbo de Sofía Oriana Infante e Homertòk Tanz de Ermitas García Ríos, ambas profesoras de Fundamentos de composición do noso conservatorio. No programa tamén estaba a peza Meniña Balteira de Julia M^a Dopico Vale, compositora que tivo a xentileza de asistir ao noso recital e á que agradecemos enormemente a súa presenza.

Dende o Equipo de convivencia sentímonos moi orgullosas destas




máis de dúas horas de música de mulleres, froito da gran implicación do profesorado e alumnado. Cabe destacar tamén a gran asistencia de público aos recitais, un público moi importante e necesario, que dá sentido a todas estas iniciativas.

Moitísimas grazas ao alumnado e aos seus profesores e profesoras Iria Rico, Miguel Sancho, Judith Fernández, Raquel Paz, Alexandra Pita e Alma Cendán. Moitísimas grazas ás profesoras Inés Picado e Paloma Bello pola súa participación como intérpretes e a Jorge Genó, profesor pianista acompañante do alumnado de violín.



Javier Vázquez Grela en Música Mestra!



O venres 4 de marzo, o gran pianista Javier Vázquez Grela, visitou o auditorio do noso conservatorio, dentro do seu ciclo de piano Compositoras históricas y actuales.

Javier Vázquez Grela, pianista cunha enorme traxectoria tanto como solista como pianista acompañante, ofreceunos un recital integramente de música de mulleres compositoras históricas e actuais, no que podemos escoitar música de Maria Theresia von Paradis, Clara Wieck, Gloria Rodríguez Gil, María Mendoza, Rosa García Ascot e Galina Ustvolskaya.

Os nosos parabéns a Javier por este proxecto tan importante para visibilizar a música das mulleres compositoras, moitas veces esquecida e descoñecida, e o noso agradecemento por achegarse ata Ferrol para compartilo con nós.

Dános moita satisfacción coñecer que noutros conservatorios, como no CMUS Profesional de A Coruña e no Conservatorio Profesional de Culleredo, tamén se está a traballar no mesmo proxecto de visibilización das mulleres compositoras na historia da música. De seguro que con estas iniciativas en conxunto con outros centros, acadaremos pouco a pouco o noso obxectivo de difundir a súa marabillosa música.

Equipo Convivencia



Conferencia de Ermitas García Ríos: Historia das mulleres compositoras

Canto aprendemos na conferencia Historia das mulleres compositoras, impartida por Ermitas García Ríos o xoves 24 de marzo, enmarcada dentro do noso proxecto Música Mestra!

Ermitas, a nosa profe de Fundamentos de composición, comezou os seus estudos de harmonía e contrapunto con Rodrigo Camacho, e despois de obter o Título Superior de Solfexo e Teoría no conservatorio Superior de Música da Coruña, trasladouse a Suíza para continuar os seus estudos Superiores de Composición.

Entre o seu catálogo de obras podemos destacar composicións para instrumento solista, como Dúas pezas para piano ou Arrolo para acordeón só, obras camerísticas como Cinco intreslúdicos para clarinete, violín e piano, e tamén obras para voz e piano como Tres cancións sobre textos de Pessoa.

Dende un enfoque moi didáctico, Ermitas presentounos a realidade destas mulleres, chea inxustamente de

prexuízos e dificultades ás que se enfrontaban e tiñan que superar para poder cumprir a súa vocación de ser compositoras. Ao longo da charla, a través de diferentes audicións, puidemos gozar da marabillosa música destas mulleres cheas de talento e creatividade, todo un exemplo e inspiración para as seguintes xeracións.

Moitísimas grazas a Ermitas - que tamén rompeu con estereotipos, ao ser a primeira muller que aprobou a oposición de profesora da especialidade de Fundamentos de composición aquí en Galicia - por achegarnos á vida e á obra destas mulleres valentes, que tiveron que loitar contra toda a sociedade da súa época para cumprir o seu sono.

Agora está nas nosas mans o recoñecemento e a visibilización da súa obra, que sen dúbida está merecidamente a rexurdir, tanto no Xan Viaño coma no resto de conservatorios e auditorios do mundo.

Equipo de Convivencia





A Orquestra do Xan Viaño con Música Mestra!



O día 11 de marzo, dentro dos recitais de Música Mestra! polo Día da Muller, a Orquestra de Grao Profesional do Xan Viaño interpretou La vie en rose canción emblemática da música francesa, con letra escrita pola cantante, compositora e actriz Édith Piaf.

Aínda que non ao completo polas restricións Covid, a orquestra volveu ao escenario despois de dous anos tras a pandemia, e o público emocionouse enormemente neste reencontro musical tan esperado.

Moitas grazas aos directores da orquestra Quique Agrelo e Jose Folgueiras, por participar no noso proxecto Música Mestra! e axudarnos a visibilizar o papel da muller na historia da música implicando a toda a comunidade educativa.

Moitas grazas ao alumnado participante, e parabéns a todos e todas por manter a motivación nestes tempos

tan complicados que vivimos, especialmente para a cultura e a música.

Na seguinte ligazón podes ver o vídeo da actuación, realizado por Suso Iglesias, coordinador do Equipo Tics.

<https://convivencioxanviano.blogspot.com/2022/04/a-orquestra-do-xan-viano-con-musica.html>

Esperamos que a partir de agora, a normalidade nos permita recuperar plenamente as grandes agrupacións do conservatorio, e volver a ver moi pronto a nosa orquestra no escenario, compartindo a súa música con todos nós e participando en novas iniciativas a prol da igualdade e visibilización da muller na música.

Equipo de Convivencia



As compositoras cubanas con Jorge Genó





O martes 15 de marzo viaxamos a Cuba da man de Jorge Genó, profesor de piano do conservatorio, a través dun fermoso recital de música de mulleres compositoras cubanas.

Puidemos escoitar as Miniaturas rítmicas cubanas de María Matilde Alea, a Suite cubana para piano e Dan-citas de ayer de María Enma Botet e para finalizar a fermosa peza Fusión de almas de María Cervantes.

Ademais desta música marabillosa, Jorge compartiu co público información sobre a vida e obra destas mulleres tan importantes en Cuba, así como a proxección das propias partituras, para facer o recital aínda máis didáctico.

Moitísimas grazas a Jorge Genó por participar no proxecto Música Mestra! do programa Donas de si, e axudarnos a visibilizar o papel da muller na historia da música, e especialmente por darnos a oportunidade de coñecer e escoitar esta fermosa música das mulleres compositoras cubanas.

De seguro que estas pezas tan especiais, pequenos tesouros musicais, de agora en diante comezarán a programarse e formar parte do repertorio dos nosos alumnos e alumnas do Xan Viaño.

Equipo de Convivencia



Concerto de Nadal 2021 dedicado aos nosos queridos maiores



Un ano máis, o Xan Viaño quixo acompañar aos nosos amigos e amigas dos centros de maiores de Ferrol. Ao igual que o ano pasado, este Nadal tampouco puidemos visitar presencialmente os centros, por culpa da Covid19, pero quixemos estar igualmente presentes e compartir a nosa música e os nosos mellores desexos con eles.

Na seguinte ligazón podedes ver o vídeo que realizamos para a ocasión con tanto cariño:

<https://youtu.be/bGIN5jm4Pg0>

Os maiores gozaron moito coa nosa música, como así nolo transmiten as fotos e mensaxes de agradecemento que nos chegan dende a Residencia DomusVi de Ferrol, tras desfrutar do noso concerto virtual de Nadal:

<https://www.domusvi.es/blog/residencia-ferrol/espectacular-concierto-navideno-del-conservatorio-de-musica-xan-viano-de-ferrol/>

Énchenos de emoción esas palabras e esas imaxes tan fermosas, e nos dan pulos para seguir apostando por unha educación en valores, baseada no respecto, empatía, igualdade, e solidariedade.

Esperamos que o próximo ano, poidamos por fin retomar esta iniciativa tan fermosa de xeito presencial, unha das experiencias máis enriquecedoras e emotivas tanto para o noso alumnado como profesorado.

Equipo de convivencia



XI Música pola paz

O 31 de xaneiro celebramos no conservatorio a oncea edición de Música pola paz, conmemorando o Día Escolar da non violencia e da Paz.

Tras a pausa do curso pasado por culpa da Covid, retomamos este fermoso proxecto do que nos sentimos moi orgullosas e ilusionadas. O día da Paz, supón para o Xan Viaño unha data moi importante, unha data de reflexión e compromiso de educación para a tolerancia, a solidariedade, a concordia e o respecto aos dereitos humanos, a non violencia e a paz.

Os nenos e nenas que participaron nos dous recitais organizados, volvéronse defensores da paz, recordando a importancia de vivir nun mundo de paz, un dereito da infancia e de toda a humanidade.

O equipo de convivencia, quere dar as grazas a todo o alumnado participante, por facer posible estes minutos de música adicados á paz, e tamén aos seus profesores e profesoras por animalos a participar, e por defender unha educación en valores, tan necesaria nestes tempos que vivimos.

Grazas tamén ao Anpa do conservatorio por apoiarnos sempre nas nosas iniciativas e por axudarnos coma todos os anos, na decoración do centro con fermosos motivos e mensaxes de paz.

Equipo Convivencia





A biblioteca



Que rápido nos pasou ao equipo de biblioteca este curso. A verdade é que estivemos entretidos pois seguimos a traballar nos procesos técnicos propios da biblioteca, e sobre todo, nas actividades de dinamización.

Traballo técnico

Este curso comezamos cun ordenador novo en sala e creamos unha conta en Facebook (@bibliotecajfl) en paralelo ao blog, onde podedes atopar toda a información actualizada e as nosas actividades. Por certo, a partir deste curso o blog conta cun formulario de contacto para que podades poñervos en contacto connosco de xeito máis doado.

O noso catálogo ten xa algo máis de 7500 rexistros -preto de 300 novas incorporacións este curso- que seguirá a medrar polas mercas, a progresiva catalogación dos audiovisuais do centro, e o goteo de doazóns tanto de particulares como de organismos públicos e privados.


Tamén esperamos acadar en xuño o 90% previsto no noso proxecto de homoxeneización da catalogación.

Como curiosidade comentar que se crearon dúas novas submaterias en piano (piano-improvisación, P.I.) e gaita (gaita-cancioneiros, G.C.). Como vedes, a biblioteca está medrando en moitos sentidos.

Actividades de dinamización da biblioteca

Comezamos a nosa dinamización no blog salientando o Día internacional do mimo (22 de setembro). Parecéunos unha chiscadela bonita coa arte do actor e mimo francés Jean Bernar Laclotte, pois o seu contacto lemi-mealaparole@live.fr (“o mimo ten a palabra”) coincide co lema das bibliotecas escolares galegas deste curso. A partir de aquí, conmemoramos outras datas como por exemplo o día dos irmáns, a neutralidade ou a bondade. Os noso catálogo

No blog seguemos a difundir todas as novidades no catálogo e facer recomendacións. É verdade que a maioría adoitan ser fondos que responden ás necesidades dos diferentes departamentos do centro, mais tendo en conta as suxestións en sala do curso pasado por parte do alumnado, e que a materia de literatura infantil é unha das máis emprastadas, desde a biblioteca planifi-



camos a merca dalgúns títulos para esta materia.

Lembrede que podeades consultar o catálogo na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Formación de novos usuarios

Este curso optamos por facer unha guía do usuario máis completa e unha pequena infografía. Os profesores de linguaxe musical foron un ano máis os nosos grandes aliados e fixeron entrega nas súas clases dos carnés de lectores, da infografía e dun marcapáxinas para comezar ben o curso.



Actividade: “cita a cegas”

Nesta actividade que tivo lugar en febreiro xogamos coa sorpresa. A quen non lle gusta abrir un agasallo pola emoción que implica? Deixamos pistas sobre o que os paquetes buscaban mais sen ser xulgalos polo filtro das súas portadas.

“A biblioteca escolar ten a palabra”

A imaxe do lema da Asesoría de Bibliotecas Escolares deste curso é do ilustrador, escritor, deseñador e artista visual Pablo Otero. O lema, en palabras da Asesoría de Bibliotecas, quere poñer o foco na palabra e na oralidade.

A partir de aquí deseñamos dúas actividades:

a) II Reto musical.

Tendo tamén en conta o plan proxecta no que está o conservatorio, queríamos poñer en relación a música coa palabra, e á vez acercarnos ao rico patrimonio literario-musical que temos en Galicia. Para iso, deseñamos un reto co tema do Rexurdimento e coa alborada de Rosalía de Castro. Por certo, houbo tres valentes que o conseguiron!

b) Anacos de ópera.


Decidimos dedicar a semana do libro á ópera. Así pois, entre os días 25 e 29 de abril, fixemos recomendacións diarias de anacos de ópera seleccionados, repartimos marcapáxinas en sala e votamos nunha urna e nun tricider o anaco que máis gustou. O plan: proxectar o anaco elixido en biblioteca antes de que rematen as clases e desfrutar todos xuntos.

Tamén está o pequeno recoñecemento aos usuarios da biblioteca máis activos pero iso volo contaremos no blog.

Non queremos rematar este pequeno artigo sen antes agradecer á Sociedade Filarmónica Ferrolana polas entradas que poñen a disposición do alumnado do conservatorio en cada un dos seus concertos.

Esperamos que gozaredes das nosas propostas. Non esquezades que o equipo de biblioteca estamos para axudarvos e lembre que se tedes ideas e/ou suxestións, aquí son sempre benvidas; podeades facérmolas chegar ao equipo de biblioteca a través da nosa urna en sala, do formulario de contacto do blog ou dun correo electrónico especificando “suxestións” no asunto ao correo biblioteca.cmus.xanviano@edu.xunta.gal.

*Equipo de biblioteca
2021-22*



“Concerto de para alumnado”

Todos e todas sabemos que a docencia é un camiño vocacional e entregado que require de moito tempo de preparación durante toda a vida. Impartir clases leva un silencioso traballo detrás que ocupa e preocupa ao profesorado moitas horas diarias. Preparar as clases, elaborar informes, deseñar programacións, programar tutorías, reunións e auditorías... Son o día a día do profesorado.

Por iso agradecemos enormemente todas as iniciativas extraordinarias que o profesorado saca adiante: organización de concertos de alumnado, charlas, cursos especializados, gravacións, concertos, edición e publicación dunha revista marabillosa...

Neste caso, falaremos do fermoso concerto do 6 de abril no Auditorio Municipal.

No backstage se respira a tensión propia e natural antes dun concerto, pero tamén moitas ganas e un especial entusiasmo por compartir co noso alumnado o amor pola música e a importancia da música en directo.

Nas probas acústicas comprobamos que o escenario é seco e require moito esforzo para exteriorizar os matices. Parece que a metade do son se queda na concha acústica, así que tentaremos abrir a gama dinámica. A cambio, nas butacas recíbese o son claro de articulación e moi balanceado, coa reverberación perfecta. O único perigo pode ser o piano cando acompaña, xa que





proxecta máis do que parece dende o escenario. Será mellor baixar a tapa a unha posición intermedia.

Todo listo, ábrese o acceso ao público.

No camerino, Miguel mantense moi concentrado, Lorenzo preocúpase de que non falle a batería do ipad, Inés e Jorge semellan máis tranquilos que nunca e Soraya... Onde está Soraya? Ah, aí ven!, aparece escasos minutos antes de saír ao escenario, sorrindo e despreocupada. Todo controlado.

Piano só, piano acompañando a instrumentos e a canto, trío de vento, trío de guitarras...E incluso un conxunto

amplificado achégannos músicas de diferentes estilos que nos moven polo tempo e pola xeografía mundial nunha viaxe sorprendente por Palermo, Nova York, París, Viena, Galicia, Cuba, Argentina...

A música é un acto de expresión. Non se pode cuantificar, trátase de comunicar e sentir. Esperamos que o noso alumnado se entusiasmara, emocionara e motivara. A música pode con todo.

Vémonos pronto!

Marcos Galán

O CMUS Xan Viaño no 25 Aniversario da Biblioteca do Patín

O pasado 18 de novembro a Biblioteca Universitaria Casa do Patín celebrou o seu 25 Aniversario. Con este motivo, leváronse a cabo unha serie de actos festivos, entre os que destacamos o marabilloso concerto ofrecido polos alumnos do CMUS Xan Viaño de Ferrol, que tivo lugar no Salón de actos Concepción Arenal do Campus de Esteiro.

Dende a Biblioteca queremos agradecer e felicitar a todas as persoas que se implicaron na organización de

dito concerto, en especial ao Departamento de Corda do conservatorio, e que fixeron posible, a través da música, que os asistentes desfrutaran dunha marabillosa e inesquecible xornada nun día tan especial.

Moitas grazas por transmitirnos tantos sentimentos a través da música.

A Biblioteca Universitaria Casa do Patín



25^o Aniversario Biblioteca Casa do Patín

Xoves 18 de novembro ás 17:30 h

Salón de Actos "Concepción Arenal" do Campus Universitario de Esteiro

—
*Si cerca de la Biblioteca tenéis un jardín
ya no os faltará de nada
(Cicerón)*
—

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PROGRAMA

- De 17:30 a 18:30 h: Concerto do alumnado do CMUS Xan Viaño de Ferrol:

Luis Lago Villar (violín) <i>Bourrée</i> · G. F. Haendel	Inés Grandal Cardona (violonchelo) Mercedes Grandal Cardona (piano) <i>Canción sin Palabras</i> op. 109 · F. Mendelssohn
Carmen Ramírez Camba (violín) <i>Concierto en Sol M</i> (Mvto. 1.º) · F. Seitz <i>Puppet Show</i> · J. Trott	Marcos Castro García (violín) <i>Leyenda</i> · H. Wieniawsky
Ana Lago Villar (violín) <i>Concierto en La m</i> · J. B. Accolay	Mateo López Fernández (contrabajo) <i>Elegía</i> · G. Bottesini
Mario Leirachá Mahía (violín) <i>Czardas</i> · V. Monti	Jorge Orosa López (violonchelo) <i>Concierto para violonchelo y orquesta n.º 1</i> , op. 33 (Mvto 1.º y 2.º) · C. Saint-Saëns
Jaime Rodríguez Rico (violín) <i>Sonata en La M</i> · W.A. Mozart (Mvto. 1.º)	Marcos Castro García (violín) Aitana López Caaveiro (piano) <i>Sonatina en Re M</i> · F. Schubert

Pianistas acompañantes:
Lorena Dapena
Jorge Genó

- De 18:30 a 19:00 h: Presentación do libro "*Encanta se ri, conmove se chora. Caderno de traballo d'A rosa incandescente*":

Autoras:
María dos Anxos García Fonte
Glafira Fernández-Campoamor Fernández
- De 19.00 a 19.30 h: Actuación do cuarteto de gaitas "Os Estrobo's":

Compoñentes:
Marcos (Gaita de Sib)
Fran (Gaita de Sib)
Rufino (Bombo)
Jorge (Tambor)

Curso de óboe con Iria Folgado



Este ano puidemos retomar os cursos de especialización instrumental que tanto axudan na formación das nosas e dos nosos músicos.

O noso profesorado mantén vínculos con profesionais de alto nivel orquestral ou pedagóxico recoñecidos internacionalmente que permiten que o noso alumnado manteña unha porta aberta ao traballo que se realiza en diferentes partes do mundo.

En óboe teñen impartido cursos moitos profes en pasados anos e todos foron extraordinarios, pero hai dous que, de momento, gardaremos como os tesouros máis grandes. Fai tempo contamos con Verónica Cruz, ex-alumna do Xan Viaño que agora traballa como cornu inglés solista na Orquestra Filarmónica de Gran Canaria. E este ano regalounos o seu tempo Iria Folgado, cornu inglés solista na Konzerthaus Orchester Berlin. Durante o curso, o alumnado de óboe puido escoitar as explicacións e exemplos que Iria lles impartía para

que melloraran a súa técnica. Puideron ver (e sentir) a importancia da velocidade do aire e a súa relación co son, a afinación a articulación e o fraseo. Aprendemos detalles fantásticos de obras típicas do repertorio e falamos de canas e de moitas cousas máis.

Alicia Iglesias, alumna de sexto, fixolle algunhas preguntas para compartir con todos e todas vós.

ALICIA: Iria, como te preparas para unhas probas, ou un concerto?

IRIA: Debes prepararte con moito tempo, e saber que será un proceso du-ro. En Alemaña, por exemplo, unhas probas teñen varias roldas e cada unha é máis exigente e con público máis complicado. E particularmente cambiar de óboe a cornu inglés e viceversa require que o teñas moi, moi practicado. O mellor para min é facer o repertorio varias veces en casa de arriba a baixo ao máximo nivel para practicar o cansazo e a concentración. E se podes chamar a xente que te poña es-



pecialmente nervioso para que te escoite, mellor aínda. En España pode ser que che toque unha rolda pola mañá e outra moitas horas despois. E iso require adestramento físico e mental para entrar na proba e centrarse en facelo perfecto... e musical.

E non esquecer que hai un factor de sorte, xa que podes tocar moi ben, pero que o tribunal busque algo diferente.

ALICIA: Como superas as etapas de menos motivación?

IRIA: Podes ter un batacazo nunha proba ou concurso. Ou pode ser que non notes melloría no tempo, porque cada vez é máis difícil mellorar, e te cuestionas e críticas máis. Iso pode provocar baixóns na motivación, pero pensa que logo sempre vai vir algo bo!

Tal vez precisas deixar descansar o óboe uns días, pero xa verás que algo chegará que te anime. Non pasa nada por sentirse algo desanimado algunha vez. É normal e non é un drama. Pode ser que non consigas algún dos

teus goles, pero podes lidar con iso. Eu tiña tantas ganas de entrar na Academia Karajan de Berlín, que me metía moita presión e non entrei nos dous primeiros intentos. En cambio, un par de meses antes da terceira vez estaba de baixón, cansa despois dun concurso moi complicado e desanimada. O meu profe insistiu en que debía facer a proba. E, claro, cheguei á proba con menos presión, máis relaxada e todo saíu mellor!

Despois dun baixón, sempre melloras!!!

Iso si, sempre estudar e practicar moito.

Marcos Galán

XIV Concurso de piano da SAF



Unha nova edición do XIV Concurso de Piano da Sociedade Artística Ferrolana (SAF), celebrouse o 23 de abril na sede de Afundación de Ferrol.

Este concurso que xa conta cunha recoñecida traxectoria, reuniu a novos pianistas de grao elemental e medio do noso conservatorio.

Álex Armán Vilariño foi o gañador da primeira categoría e Lis Rodríguez Varela e Sofia Ferreiro Becerra, as gañadoras da segunda e terceira categoría respectivamente.

Parabéns a todos os participantes e parabéns á Sociedade Artística Ferrolana pola organización deste concurso tan querido!

EDLG



